

XI DÍA DO SOCIO DO GRUPO " PASADA DAS CABRAS "

Co rigor organizativo acostumbrado, coa milimétrica precisión dunha maquinaria de relojería suíza, e cunha boa representación de sendeiristas dos grupos Peña Furada (Navia), Os Sendeiros (Foz), e de Paso Miudo (Valadouro), aparte dos identificados co grupo anfitrión e organizador, o grupo de montaña Pasada das Cabras celebrou unha nova edición do Día do Socio, unha especie de homenaxe ós seus asociados pola incondicional fidelidade e lealdade á causa, unha particular ofrenda aos afiliados e afiliadas como valores activos do grupo, testemuñas eficientes e discretas do regular acontecer do colectivo.

Era a miña primeira participación no programa anual da sociedade montañeira, e tamén o debut co acto puntual que á mesma organiza, e que neste ano chegaba á súa undécima edición, (algúhos intentos anteriores víranse frustrados por imprevistos e compromisos varios).

Rematada esta, a primeira conclusión que a un lle queda está relacionada coa valoración persoal da mesma, moi por enriba das positivas referencias orais que tiña dela, (nada novo, coñecedor en primeira persoa da modélica xestión organizativa da institución), e na segunda aflora xa, o inmemso baleiro emocional que che deixa a xuntanza, xusto no intre en que remata, e voltamos á oficina (fogar) de referencia, ridículo descubrimento, sí cadra, como avezado sabedor do glosario filosófal dos valores que a sociedade representa.

A concentración dos sendeiristas (participantes na xornada festiva) na Praza da Mariña de Burela supón un intre especialmente fermoso : saúdas de forma emotiva á semblantes coñecidas coas que compartiches esforzos extremos, recoñeces montañeiros e montañeiras coas que alternaches a mesma cachaba nunha difícil baixada por unha canle dos Picos, ou á que axudaches a chegar ó resgardado refuxio da Veiga de Meicín, nunha imborrable travesía polas Ubiñas, cando a neve che cubría ata os xeonllos.

Á pose inicial para inmortalizar gráficamente o encontro na cámara do incansable Paco Salgueiro, foi o pistoletazo de saída á andaina, inicialmente polas rúas da vila, ata enlazar coa sendeira costeira do Cantábrico, que sería a núa inseparable compañeira de vaixe ata á Praia da Marosa. O día estaba radiante. Estreábomos estación, e o centelleante sol estival resplandecía no espiñazo dos participantes, identificados polas distintivas cores dos respectivos grupos de referencia, escrupulosamente uniformados. Algunhas paradas técnicas cuidadosamente previstas polos organizadores na Praia da Marosa, na fonte limítrofe coa Vila do Medio, ou a carón do lugar de Cardoxe, serviron de reagrupamento do grupo máis alongado en cada sucesiva ascensión, e sobre todo para coller folgos para o derradeiro treito da mesma (para os que decidimos abandonar o asfalto pouco despois do paso polo cemiterio municipal), unha vertixinosa e vertical subida polas avas do Monte Castelo, acertadamente escollida pola organización como un guiño ó esforzó, testemuña fiable do recoñemento á capacidade de superación que a montaña e o medio esixen á modo de peaxe polo seu tránsito. As vistas parciais de Burela, co peirao do porto pesqueiro e mailo faro as núsas costas son insuperables, e animan cada parada na pindia subida.

A reconfortante cervexa que agardaba á chegada compensaba calquer esforzó previo, e deo paso á sesión vermut amenizada polo veciño e amigo, o incunable Juan de Celsa que nos deleitou cunha mostra selecta do seu repertorio habitual. boleros, merengues, cumbias, e outros ritmos do folklore tradicional, do inventario musical da Billos, de paete do mostrario musical andino, ou das solemnes pezas sabiamente versionadas pola recentemente desaparecida María Doleres Pradera, soaron a todo pulmón en tan fermoso marco.

Un xantar galego, típicamente festiro e campestre (polbo e churrasco), e a queimada posterior, deron paso á despedida, e, de súpeto, á floración das contradictorias sensacións expostas ó cemezo deste relato.

Dúas reflexións como despedida : a convición cada vez máis firme dos valores asociados co perfil do montañeiro, logo das moitas conversas da longa sobremesa, como modelo referente de conducta social, e a admiración e agradecementos ó equipo directivo deste colectivo (Pasada das Cabras), por facernos partícipes de intres tan intensamente fermosos, polo agarimo, temple e a maila firmeza coa que sempre nos recompensan, e sobre todo por amosarnos en cada actividade organizada o seu amor e compromiso pola sociedade, e pola vila que tan dinamente representan.